
A Historia da Literatura Galega 05

# Os Séculos Escuros




La Voz de Galicia

A HISTORIA DA LITERATURA GALEGA

- UN PROXECTO EDITORIAL DE ERA PUBLICACIONES, S.L.
- COORDINADOR XERAL: JOSÉ ANTONIO PONTE FAR

**Textos:** M.ª Luz Ínsua Ramil, M.ª Eva Ocampo Vigo, Esperanza Piñeiro de Sanmiguel, José A. Ponte Far e Áurea Ramil Díaz

**Corrección lingüística:**
M.ª Luz Ínsua Ramil e Áurea Ramil Díaz

**Deseño:** M. Malvido
**Maquetación e montaxe:**
M.ª Teresa Puga, María G. Grandal
**Produción:** Irene Montero, Raquel G. Amarelle, Lucía Taboada, Victoria G. Lastra, Rebeca Zapata, Pilar Freire, Silvia Valdés, Ana E. Martínez, Nieves G. Centeno
**Fotografía:** Octo Gráfica

**Agradecementos:** Real Academia Galega, Museo de Pontevedra e Arquivo do Reino de Galicia



**Imprime:** Imprenta Mundo
**Depósito Legal:** C 1595-2010
**ISBN:** 978-84-96561-28-1

A Historia da Literatura Galega 05


# Os Séculos Escuros

La Voz de Galicia

# Índice




Detalle dun mapa de Galicia de principios do século XVII



# INTRODUCIÓN

## ¿Que entendemos por séculos escuros?

Desde finais do século XV, durante toda a Idade Moderna e primeira metade do XIX, a literatura galega atravesa unha longa etapa de escasa produción e creatividade. A este período coñéceselle como os Séculos Escuros. Enmárcase entre a esplendorosa literatura do Medievo, en que brillou sobre todo a lírica, e o Rexurdimento da segunda metade do XIX, en que a literatura en galego inicia un camiño creativo e pleno de calidade ata a súa frutífera produción actual.

Durante a época dos Séculos Escuros, a diminución –e nalgúns momentos case desaparición–




Manuscrito ilustrado sobre pergamiño de finais da época medieval

da literatura galega e do galego escrito contrasta coas enormes transformacións que se van producindo na sociedade galega nos ámbitos político, económico e cultural, na senda do progreso e a modernización.

Precisamente, son condicionantes políticos, económicos e sociais os que xeran que o idioma galego, aínda continuando como lingua falada propia e maioritaria do país, deixe de utilizarse como lingua escrita. E, xa que logo, a literatura

galega será, se non totalmente erma, si escasa. Analizaremos primeiro os trazos históricos deste amplo período, inmerso no que a historiografía chama o Antigo Réxime e o comezo do Liberalismo. A continuación, referirémonos á produción literaria e xornalística en galego en distintos momentos.

> É unha época de silencio, entre fins do século XV e mediados do XIX, con escasas mostras literarias en galego.



A principios do século XVI, a sociedade galega era basicamente rural



Gravado da época renacentista que representa os enfrontamentos entre a nobreza







# CONTEXTO HISTÓRICO DESTA LONGA ÉPOCA 1

## 1.1. Galicia a fins do Medievo

Nunha sociedade fundamentalmente agraria e pesqueira, asentábanse e crecían as vilas nas últimas décadas da época baixomedieval. A nobreza galega vaise ir debilitando debido a unha sucesión de feitos e circunstancias. Un deles é que, nos conflitos dinásticos de Castela, apoia sempre ao bando que finalmente resultará perdedor. Así, a mediados do século XIV, púxose ao lado de Pedro I fronte ao seu irmán Enrique de Trastámara, quen será o vencedor. Anos despois, na nova disputa polo trono, a maioría dos nobres galaicos defenden a Juana a Beltraneja, que será derrotada por


Igrexa de Baiona, construída no século XIV

Isabel a Católica. A isto únese a inestabilidade derivada da revolta irmandiña do século XV, protagonizada por campesiños, vasalos e habitantes das cidades contra as inxustizas dos señores. Sometidos os irmandiños, unha nova orde social vaise a perfilar en Galicia.

## 1.2. As medidas dos Reis Católicos

O comezo da Idade Moderna en Galicia está condicionado pola política dos Reis Católicos, tendente a integrala no conxunto español. Os monarcas Isabel e Fernando pretenden pacificar o territorio galaico e dotalo de estabilidade. De entre as medidas que acometen a partir de 1480, destacamos tres: a submisión da nobreza galega, a reforma da Igrexa e a creación de novas institucións de xustiza e de goberno.

Como consecuencia, a nobreza galega mantén o seu poder social, pero queda dominada politicamente pola monarquía. A Igrexa, en certa medida, sae fortalecida, pois se emancipa do

poder dos señores ao recuperar facendas e bens perdidos, á vez que se reorganiza e vigoriza coa supresión de pequenos cenobios e priorados, que pasan a depender dos grandes mosteiros.

A nobreza galega queda debilitada e os cargos administrativos e relixiosos son ocupados por persoas foráneas

As principais institucións creadas son as Xuntas do Reino de Galicia e a Real Audiencia, ambas as dúas presididas por un Capitán Xeral que, á súa vez, era o representante da coroa en Galicia.

As Xuntas do Reino estaban compostas por sete procuradores, cada un como representante dunha das sete provincias que formaban Galicia ata 1833 (Lugo, Mondoñedo, Betanzos, A Coruña, Santiago, Tui e Ourense). Un procurador exercía de representante exterior das Xuntas, e era denominado Deputado Xeral do Reino. As Xuntas


Cruceiro da Igrexa de San Martiño, en Noia

## O Arquivo do Reino de Galicia

➜ O Arquivo do Reino de Galicia foi creado en 1775 por Real Cédula do rei Carlos III do 22 de outubro. Esta orde plasma unha concepción deste ligada á ideoloxía da Ilustración, que tende a considerar a estes centros como acumulacións de fontes históricas de interese para a recuperación da memoria da sociedade. Pero en realidade, a súa orixe encóntrase ligada á da Real Audiencia de Galicia, institución de carácter xudicial e gobernativo creada polos Reis Católicos, e ás disposicións que tanto Carlos V coma a súa nai, dona Juana, deron a principios do século XVI para que se gardasen os preitos e expedientes da Audiencia.
Paulatinamente, a autonomía do Arquivo foise consolidando, aínda que sen perder a súa relación coa Audiencia.
Posteriormente, e dende mediados do século XIX, fóronse sumando a ese outros conxuntos documentais de carácter público ou privado, No século XX, acentúase a independencia do centro



Edificio do Arquivo do Reino de Galicia, en A Coruña

e perfílase con nitidez a súa función de arquivo histórico de Galicia. Ademais, distintas normas asignaranlle tamén o papel de arquivo histórico provincial da Coruña para os documentos da Administración periférica do Estado, primeiro, e da autonómica, despois.

Na actualidade, o arquivo reúne máis de 250 fondos diferentes que comprenden 121.000 unidades de instalación e 108.000 unidades documentais soltas.

Todos eles ocupan 17.000 metros lineais de estantes, aproximadamente. A súa cronoloxía é amplísima, pois vai dende o ano 867 ata o 2004.

O edificio que actualmente é sede do arquivo, obra do arquitecto coruñés Antonio Tenreiro e situado no xardín de San Carlos da cidade da Coruña, foi inaugurado no ano 1955 e remodelado entre os anos 2000 e 2003.

O Arquivo ten máis de 220 fondos diferentes




Este gran centro de arquivo conforma un chanzo superior na organización arquivística do país. Trátase dun establecemento no que diferentes organismos públicos depositan a produción documental que resulta das súas actividades para que poidan seguir sendo utilizados pola propia Administración e polos cidadáns, unha vez cumprida a súa finalidade primaria.

O Arquivo do Reino de Galicia forma parte do Sistema de Arquivos de Galicia, o que quere dicir que é un centro que ten unhas funcións asignadas de recollida, custodia e servizo en relación coa documentación dun territorio concreto: a provincia da Coruña, en primeiro lugar, pero tamén Galicia no seu conxunto. Así, debe recibir documentación producida por órganos das Administracións Públicas de todas as clases que exercen as súas funcións na provincia da Coruña, como tamén a que é testemuña da actividade do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Proceden de institucións públicas e privadas, e tanto de ámbito territorial galego como provincial da Coruña, dada a dobre función de Arquivo Xeral de Galicia e de Arquivo Histórico Provincial. Destaca o fondo da Real Audiencia de Galicia, órgano de xustiza, administración e goberno durante o Antigo Réxime, continuado, na súa función xudicial, pola Audiencia Territorial da Coruña e hoxe polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que serviu de núcleo fundamental, ao que se engadiron os demais. ✸

tiñan escasas competencias, limitándose a súa actuación a peticións e queixas ante o Rei, e a xestionar o recrutamento de tropas e a repartición dos tributos esixidos polo monarca.

A Real Audiencia, en principio itinerante, instalouse definitivamente na Coruña en 1580. Encargábase de asuntos de carácter xudicial e gobernativo, substituíndo progresivamente a práctica da xustiza señorial.



Calexón da cidade de Tui, que foi capital dunha das sete provincias galegas ata 1833



Mariñeiro remendando velas

## 1.3. Evolución demográfica

Durante o século XVI, Galicia experimenta un crecemento demográfico, pois se recupera das altas taxas de mortalidade da época baixomedieval, debidas a epidemias, guerras e fames negras. Agora proliferan novos núcleos de poboación, crecen os existentes e a poboación galega sitúase ao redor dos 700.000 habitantes. A crise do século XVII supón unha paralización, pero entre 1650 e 1750 prodúcese un novo incremento, ata chegar a 1.300.000 habitantes, situados, sobre todo, no litoral.

Na primeira metade do século XIX, época convulsa politicamente, de inicios do liberalismo, case desaparecen en Galicia as mortalida-

## O HOSTAL DOS REIS CATÓLICOS

O maxestoso Hostal dos Reis Católicos, situado na compostelá praza do Obradoiro, levántase á beira da catedral de Santiago. O edificio actual foi mandado construír en 1501 polos Reis Católicos como hospital para dar albergue aos peregrinos do Camiño de Santiago ou para, segundo reza a inscrición latina que percorre o friso superior da portada, «atender aos enfermos e peregrinos do divino Xacobe».

O edificio construíuse como consecuencia da visita realizada polos Reis á cidade compostelá no ano 1486, co obxectivo de poder atender aos peregrinos que pola época percorrían o Camiño de Santiago. A raíz da conquista do Reino de Granada e os ingresos recibidos pola vitoria, no ano 1499 doaron un terzo das rendas do Voto de Santiago para poder executar a obra. O arquitecto real, Enrique Egas, foi o



Hostal dos Reis Católicos, Santiago de Compostela

encargado dunhas obras que duraron dez anos (1501- 1511) e nas que os Papas axudaron ofrecendo indulxencias a cantos cooperaran. O Hostal dos Reis Católicos funcionou como hospital ata o século XIX e actualmente é un parador de turismo.

No seu interior, os espazos locen fastosos, con labirintos de corredores, revoltas, relanzos e escaleiras decoradas con nobreza. Destacan entre as pezas os salóns, pola súa elegancia e a súa depurada e perentoria utilidade.

Ademais, conta con catro claustros dos séculos XV ao XVIII espléndidos e bautizados, cada un deles, co nome dun evanxelista. Declarado patrimonio da humanidade, o Hostal dos Reis Católicos exhibe unha fachada plateresca e mesteirais de librea xunto á porta.



A tradición da construción naval en Ferrol remóntase ao século XVIII

des de tipo catastrófico . Será unha fase de transición cara ao gran despegamento demográfico a partir da segunda metade do século.

O desequilibrio entre escasos recursos e alta densidade de poboación xera fluxos migratorios, impulsando a importantes excedentes de galegos cara a Castela e Portugal.

## 1.4. Economía e sociedade

Neste período increméntanse as terras destinadas a cultivos e introdúcense novas especies, como o millo e a pataca, procedentes de América, pero apenas se modifican os medios de

traballo. As explotacións agrarias son pequenas. Os foros regulan as relacións dos propietarios –nobreza, fidalguía e clero– cos campesiños que as traballan. Por iso, a sociedade galega é, sobre todo, unha sociedade de rendistas, de pagadores e de preceptores de rendas de orixe agraria.

O atraso económico é característico dunha Galicia rural e rendista

A elaboración de tecidos de lá e de liño aumenta, e desenvólvese unha industria rural téxtil, efectuada a domicilio, é dicir, sen concentración fabril.

No século XVIII os fomentadores cataláns introducen cambios tecnolóxicos na pesca e salgadura do peixe

A pesca, realizada de forma artesanal e tradicional durante séculos, transfórmase no século XVIII coa chegada dos fomentadores cataláns, que introducen nova tecnoloxía na captura e salgadura. É o inicio da penetración capitalista neste sector.

## Baiona, o porto do descubrimento de América

→ Baiona foi o primeiro porto de Europa que recibiu a noticia do descubrimento de América. O 1 de marzo de 1493, a carabela Pinta, capitaneada por Martín Alonso Pinzón, atracou nestas augas traendo a noticia do descubrimento de América.

Unha reprodución da «Pinta» consérvase nas augas do porto de Baiona



Os historiadores atribúenlle a fundación desta vila a Diómedes de Etolia, un dos monarcas que participou na Guerra de Troia. O historiador romano Plinio identificouna co nome de Abróbiga na época romana. Pola súa situación no litoral sufriu continuos ataques dos bárbaros (século V a.C), de piratas normandos (século IX) e do pirata inglés Drake (século XVI).

No século XV, o rei Xoán II outorgoulle o privilexio de poder descargar mercadorías do exterior, o que fortaleceu a súa economía nos seguintes séculos e a oportunidade excepcional de ser a

primeira vila en recibir noticias do descubrimento de América: o 1 de marzo de 1493 a carabela «Pinta», capitaneada por Martín Alonso Pinzón, chegou ao porto de Baiona. Traía ouro, cereais descoñecidos e a expectativa dun mundo novo por explorar.

A finais do século XV, os Reis Católicos obrigaron os veciños de Baiona a mudarse dentro da muralla, construída no século XIV. Pero só lles fixeron caso uns cantos anos. A fortaleza de Monte Real converteuse en residencia dos gobernadores da cidade. Ten unha impoñente presenza sobre a vila e mantén as súas tres torres: a do Reloxo, que mira cara á terra, a da Tenalla, sobre a baía, e a do Príncipe, que mira ao mar.

Dende 1974, o municipio celebra cada ano unha festa medieval, a Festa da Arribada, que conmemora o momento en que Baiona se situou no mapa e na historia. Ademais, no porto baionés pode visitarse unha réplica da carabela «Pinta». ✸




Monumento á heroína María Pita na praza da Coruña que leva o seu nome

## MARÍA PITA, A HEROÍNA CORUÑESA

No mes de maio de 1589, as tropas británicas de Francis Drake, flanqueadas por oitenta navíos, enfrontáronse coa resistencia coruñesa. Os cidadáns locais defendéronse atrincheirándose na Porta Real e María Pita foi quen de matar ao oficial inglés que portaba a bandeira británica, evitando que se plantase a insignia cando os ingleses atacaron a cidade por varios puntos á vez e intentaban entrar por unha fenda da muralla na Cidade Vella. O xesto desta muller acendeu os ánimos dos defensores e favoreceu a vitoria. Os coruñeses prometeron a Deus que se eran liberados do asedio conmemorarían cada ano a data en honor da Virxe do Rosario o 7 de outubro.

A batalla naval da Coruña celébrase cada mes de agosto, concretamente a segunda semana do mes, co obxectivo de conmemorar a vitoria sobre o exército inglés da cidade.

Ademais, o comercio e a navegación marítima increméntanse. A liberalización do mercado colonial americano, nas últimas décadas do século XVIII, dinamiza a economía galaica e revitaliza á burguesía mercantil urbana.

As reformas borbónicas tratan de centralizar o Estado e a Administración. Reestrutúrase o Exército e a Mariña, e créanse os Departamentos Marítimos. E á calor da Ilustración, foméntase a educación, a economía e a ciencia. Para impulsar



Fotografía de peixeiras coruñesas

a industria, créanse reais fábricas e o importante estaleiro de Ferrol.

Na primeira metade do século XIX, o desenvolvemento económico de España está atrasado con respecto aos países máis avanzados de Europa. Aquí caracterízase polo seu desequilibrio territorial e rexional, con zonas máis desenvolvidas, e outras, como Galicia, que sofren un significativo atraso.

Antiga fábrica de salgadeira en Bueu



## Ferrol, cidade departamental

➔ A cidade de Ferrol, situada ao norte da provincia da Coruña, vive de cara ao mar. Tradicionalmente, estivo orientada a actividades marítimas, mediante o seu porto pesqueiro e comercial, estaleiros civís e militares e instalacións diversas da Armada. Na cidade sucedéronse numerosas batallas navais e mesmo algún desembarco promovido polos exércitos ingleses que ansiaban capturar «o mellor porto natural da costa atlántica de Europa», como o cualificaban os británicos.

Para defendela, no século XVI constrúese o castelo de San Felipe. O XVIII foi decisivo para Ferrol: o seu porto militar convértese no máis importante de España. En 1726 constrúese o arsenal da Graña, que propiciará o desenvolvemento urbanístico da nova cidade e, a mediados de século, convértese en capital do Departamento Marítimo.

Os seus estaleiros, fundados no reinado de Felipe V, foron durante moitos anos o



O castelo da Palma, visto dende os baluartes de San Felipe

motor de Ferrol e a súa bisbarra, e aínda que actualmente se trata dun sector en crise, continúa sendo un dos puntos con maior capacidade industrial de toda Galicia. O recén rematado porto exterior e a base naval da Mariña de Guerra Española son, como o foron sempre, de grande importancia para a economía ferrolá e a súa bisbarra.

A produción literaria do Ferrol ilustrado limítase practicamente á bibliografía das publicacións técnicas e de análise política-económica, que é moi abundante.

No século XVIII mantense un importante patrimonio cultural de celebracións e cerimonias de tipo relixioso e militar, entre elas as procesións da Semana Santa. É importante destacar as tradicións da Mariña de Guerra e a formación dunha linguaxe popular influída por diferentes idiomas (castelán, galego, inglés...).


O século XIX empezou mal, cun novo ataque inglés, e, no ano 1808, ten lugar a invasión napoleónica. Dende aí, o resto do século supuxo un forte retroceso para a cidade, aínda que a industria naval continuou en activo. A mediados do século XX, fúndase o segundo gran estaleiro na ría de Ferrol, Astano, de carácter civil. A reconversión dos anos 80 marcou o declive dunha actividade que, a pesar de todo continúa sendo unha das señas da identidade da cidade.✱

## O LIBERALISMO ÁBRESE PASO EN GALICIA

A consecución da revolución liberal presenta unha dobre vertente: a institucionalización da monarquía constitucional e o cambio das bases económicas, sobre todo a substitución da modalidade da propiedade, como consecuencia da política desamortizadora.

A principios do século XIX todas as clases sociais de Galicia participaban da guerra contra as tropas de Napoleón Bonaparte. O pobo empezou a organizarse, liderado por homes como Sinforiano López, antes de que as autoridades civís e militares tomasen o mando.

Despois da guerra viviuse unha permanente loita entre absolutistas e liberais, partidarios dun sistema constitucional parlamentario. O liberalismo era aínda un movemento minoritario en Galicia. Non obstante, A Coruña tivo un papel significativo no bando progresista.



As galerías da Coruña datan do século XIX


Neste século floreceron as fábricas de tecidos, chocolate, cristal e a fábrica de tabacos que foi a máis importante de Galicia en canto a número de obreiros e que se situou no Almacén Xeral de Víveres, onde antes se localizaban os Correos Marítimos, trasladados a Ferrol.

Creáronse centros de estudos, apareceu o Diario da Coruña, inauguráronse dous teatros (Coliseo na rúa da Franxa e Principal onde está hoxe o Rosalía). Fundouse La Voz de Galicia e El Noroeste. Nos anos 70 xurdiron as primeiras mobilizacións do movemento obreiro.

A iluminación de gas, as novas casas de Juana de Vega, a praza de María Pita, o instituto de Eusebio da Garda, os xardíns de Méndez Núñez ou as casas con galería son construcións do XIX.



Gravado de época que representa o enfrontamento dos exércitos francés e inglés en Elviña, nas proximidades da cidade da Coruña




# DESDE FINAIS DO SÉCULO XV AO XVII 2

## 2.1. O GALEGO, UN IDIOMA ORAL

Para moitos autores, este período é realmente o que responde mellor á denominación de Séculos Escuros, o de maior silencio, pois coa Ilustración do século XVIII aparecerá unha preocupación polo idioma galego, que fará posible a súa recuperación literaria unha centuria máis tarde.

Ata fins do século XV, a documentación pública e privada redactada en galego era moi abundante. E, como xa é sabido, o valor estético e a calidade da lírica medieval galaico-portuguesa eran equiparables aos das creacións pro-




Mapa de Galicia en torno ao ano 1600

venzais, e superiores aos doutras manifestacións literarias que estaban xurdindo en distintas partes de Europa.

Pero, desde finais do XV, a poesía trobadoresca perde o seu público culto. Non só se inicia un tempo de silencio para a cultura galega, senón que, ata se esquece e, por tanto, se descoñéce a existencia dun pasado esplendoroso da nosa literatura.

Varios condicionantes históricos, antes expostos, contribúen a iso. As clases dirixentes galegas están cada vez máis debilitadas, perden importancia social. Mentres tanto, Castela, en pleno proceso modernizador, consegue afirmar a hexemonía do castelán no contexto cultural peninsular. Co posterior asentamento en Galicia de elites foráneas para ocupar cargos administrativos, civís, militares, e eclesiásticos, o castelán aparece aquí como lingua de poder e de cultura. E así, o idioma de Castela irase introducindo aos poucos en Galicia. Comezan a usalo os nobres, fidalgos e cargos administrativos que dependían de superiores foráneos que o falaban. Tamén o fai parte do clero que recibe normas de bispos chegados de fóra. E comerciantes que negocian con todos eles. Polo tanto, nun principio, as clases altas vanse facendo bilingües e, posteriormente, serao unha parte máis ampla da poboación.

Como argumenta Henrique Monteagudo, o progreso cultural da elite da sociedade galega paralizábase mentres aumentaba o do castelán e os seus usuarios, xerando que Galicia fose quedando cultural e




Igrexa de Cambre

ideoloxicamente cada vez máis inerme ante a presión unificadora exercida por Castela. O estancamento económico, o fraccionamento social, a falta de dirección político-relixiosa e a indixencia cultural foron os factores determinantes da progresiva marxinalidade en que entra a sociedade galega a fins do século XV. Pola súa banda, Dores Vilavedra defende que a carencia dun mecenado efectivo e a caída do nivel cultural da nobreza, sen unha burguesía consolidada que a suplise, impediu a constitución dunha elite letrada e dun público estable. E, á súa vez, Domingo Blanco insiste en que a perda dun público literario culto en galego e a súa progresiva castelanización condiciona tanto a recepción como a produción literaria culta en Galicia, que entra nunha longa etapa de silencio.

Detalle dun dos medallóns do Hostal dos Reis Católicos



Por todo iso, trúncase a posibilidade de que o galego se converta nun idioma normalizado e estandarizado. Segue sendo utilizado como vehículo de comunicación familiar e privada pola maioría da poboación. Pero case desaparecerá como lingua escrita e literaria.



A falta de dirección político-relixiosa e a indixencia cultural foron algúns dos factores determinantes da marxinalidade da sociedade galega a fins do século XV

O galego vai quedando reducido a idioma oral. Neste momento, mentres que outras linguas romances elaboran as súas gramáticas e fixan as súas normas, o galego vaise dialectalizando e, a miúdo, vai asumindo léxico e influencias diversas do castelán.

Se antes, polo seu prestixio, o galego era utilizado como lingua literaria noutras partes de España, agora, vaise considerar a Galicia como zona pobre e atrasada, e xurdirán retrincos antigalegos na literatura de autores como Lope de Vega, Góngora ou Quevedo.



Lope de Vega foi un dos autores que amosaron a súa animadversión por Galicia

O idioma galego continúa como vehículo de comunicación oral para a maioría da poboación, pero desaparece como lingua escrita e literaria

Referirémonos, a continuación, ás escasas manifestacións literarias desta época. Por unha banda, pervive, en galego, a literatura tradicional popular e oral. Ademais, consérvanse algunhas mostras literarias cultas que, aínda que poucas e a miúdo sen gran valor literario, teñen interese porque demostran que o idioma como vehículo culto de expresión se segue utilizando. E pénsase que quizais existan máis, pero que non chegaron ata nós.

A literatura popular tradicional oral persiste en todas as épocas

## 2.2. Cancioneiros musicais

Durante os séculos XVI e XVII, nos cancioneiros musicais casteláns aparecen, intercaladas, composicións en galego. Algunhas son cantigas paralelísticas, que, máis que creacións desa época, son restos da escola lírica medieval, con estruturas similares ás cantigas de amigo, pero de menor calidade.

*Perdido polos meus ollos*
*Non teño vida con eles*
*Nen poso viver sen eles.*

*¿Qué me ficou por facer*
*ollos meus, que non ficese*
*por vos contentar e ver*
*leos en quanto vivese?*

*Cheos de meu interese,*
*Non teño vida con eles*
*Nen poso viver sen eles.*

ANÓNIMO,
CANCIONERO PUBLIA HORTENSIA



Na catedral de Coimbra, entre outras, cántanse as panxoliñas mesturando o galego e o castelán

*Meu laranxedo non ten fruto*
*Mais agora ven.*
*¡Non me le toque ninguén!*

*Meu laranxedo, florido,*
*O fruto non le é vido,*
*mais agora vén.*
*¡Non me le toque ninguén!*

Anónimo

## 2.3. Panxoliñas

Ata mediados do século XVI, a panxoliña era unha forma poética musical de carácter profano e popular. É no século XVII cando adquire carácter relixioso e culto. Aparecen nese momento obras músico-teatrais moito máis complexas para cantar ou representar o nacemento de Cristo. A panxoliña pasa a identificarse co Nadal e Reis, e cultivarase en todas as etapas da historia literaria galega. Ata fóra de Galicia, as panxoliñas cántanse en galego ou nunha mestura de galego e castelán, como nas catedrais de Coimbra, Lisboa, Valladolid, Toledo... Iso é debido á alta estima do galego para a lírica, e á imaxe bucólica e pastoril que se lle atribuía a Galicia.

## Galicia nás escuras mentres España resplandece

➜ Entre os séculos XV e XIX a lingua galega estivo ausente dos usos escritos nunha enorme contraposición co castelán e o portugués que entran nun proceso de fixación e codificación que lles dá a categoría de linguas de cultura. O galego, alleo ao devandito proceso, chega a considerarse unha lingua non apta para a ciencia ou a cultura. Non obstante, e a pesar do contexto, continuou sendo a vía normal de comunicación para case a totalidade da poboación de Galicia.



En contraste coa escasa produción de literatura en galego, no século XVI viu a luz a máis importante obra literaria en castelán, *El ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha*

O Século de Ouro, na súa vertente cultural chega ao seu auxe da man de

novas correntes artísticas: o Manierismo e o Barroco. Pero tradicionalmente, falar do Século de Ouro español é relacionalo coa cultura. Juan Luis Vives, seguidor de Erasmo, os irmáns De Valdés, ou Francisco de Vitoria foron os primeiros que comezaron a destacarse no ámbito literario, todos de marcada índole económica, como pouco máis tarde, o fixeron Martín de Azpilcueta e Tomás de Mercado.

A mediados do XVI, de forma paralela, a literatura renacentista tamén empezou a dar os seus primeiros froitos importantes da man de Garcilaso de la Vega, de clara inspiración italiana, e de Fray Luis de León. Xurdiu con forza o xénero picaresco con *O Guía de Tormes* no ano 1554 e, en literatura mística, Teresa de Jesús converteuse nunha das grandes poetas, non da época, senón de todos os tempos da literatura hispana.



A literatura en España emerxeu no Século de Ouro

Xa no século XVII, o Barroco español coñeceu unha época gloriosa: Francisco de Quevedo, representante do conceptismo, asine defensor da moral, e grande escritor de poemas amorosos. Luis de Góngora, o maior expoñente do culteranismo coa súa *Fábula de Polifemo e Galatea* (1613). Os ensaios renacen con Baltasar Gracián e o seu *Criticador*, e sobre todo, a narrativa hispana da man dos propios Quevedos co seu *Buscón*, Mateo Alemán e o seu *Guzmán de Alfarache* ou Miguel de Cervantes coa obra cumio da literatura española: *El ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha*.

O Século de Ouro foi para todos un berro aos sentidos, á expresión en todas as súas artes, á elevación do espírito, e á grandeza dun Imperio vido a menos, pero que durante máis dun século se converteu no centro artístico mundial. ✱

Os principais cultivadores de panxoliñas (de nomes coñecidos) durante o século XVII en Galicia son:

- **Frei Francisco de Santiago**, mestre de capela na catedral de Lisboa.

- **Gabriel Díaz.** Nunha das súas panxoliñas, de 1645, a modo de refrán ten os seguintes versos:

  *Como un ouro é o meniño:*
  *bástalle ser, miña fe, galeguiño*

- **Frei Jerónimo Gonçálvez.**



Catedral de Tui

• **Manuel Bravo de Velasco** (1622-1660). Da súa autoría é unha panxoliña dialogada trilingüe, coma se fose unha pequena peza para ser representada. O diálogo prodúcese entre unha campesiña galega, outra asturiana e un pastor, que utilizan respectivamente o galego, o bable e o castelán.

• **Carlos Patiño** (1610-1683), mestre da Capela Real portuguesa cara a 1640. Crese que foi o introdutor da tradición da panxoliña galega en Portugal.



Mondoñedo foi o escenario da morte do Mariscal Pardo de Cela

*Veña nora buena*
*O ceo para a terra.*
*Veña miña vida*
*E sexa de Galicia.*
*Veña o sol divino*
*Que nace garridiño.*
*Veña o sol fermoso*
*que nace como un ouro.*
*Veña o lume, veña,*
*E fuxan as tenebras.*
*(...)*

CARLOS PATIÑO (1645)

As panxoliñas en galego cántanse, a modo de representacións dramáticas, nas catedrais galegas e ata noutras como Lisboa, Coimbra, Valladolid e Toledo.

## 2.4. Poesía popular oral sobre acontecementos históricos

Perviven algunhas manifestacións poéticas anónimas, que se transmiten oralmente, referidas a acontecementos históricos.

Un destes feitos históricos é a traizón ao Mariscal Pardo de Cela e a súa posterior decapitación, que xa referimos anteriormente. A literatura popular oral deseguido mitificou a figura do Mariscal. Son versos anónimos que chegaron ata o século XVII, no que Fernando Saavedra Rivadeneyra os recolleu por escrito na obra Memorial da Casa de Saavedra (1674). Os estudosos defenden a tese de que esta trascrición responde á fusión de dous poemas diferentes, das moitas versións orixinadas pola transmisión oral. Coñécese como Pranto da Frouseira:

## A DECAPITACIÓN DO MARISCAL PARDO DE CELA

«Un país que non ten lendas está condenado a morrer de frío». Esta frase, do sociólogo Patrice de la Tour de Pin, non preocupa a Galicia. No noso país habita o máxico e o marabilloso. E, en ocasións, as lendas susténtanse nun feito histórico, mitificado, transmitido oralmente de xeración en xeración. É o caso da lenda sobre o Mariscal Pardo de Cela e as coplas populares sobre a súa morte.

O Mariscal Pardo de Cela e o Conde de Camiña, Pedro Madruga, foran os únicos en enfrontarse á política centralizadora e de sometemento da nobreza galega levada a cabo polos Reis Católicos. Pedro Pardo de Cela é traizoado polos seus criados e detido na súa fortaleza da Frouseira. E como medida de escarmento, o comisionado dos monarcas en Galicia, Fernando de Acuña, ordena a súa execución na praza da catedral de



A ponte do Pasatempo en Mondoñedo

Mondoñedo, que ten lugar o 17 de decembro de 1483. Mentres a súa cabeza roda polo chan, a súa muller, que chegaba co indulto real desde a corte de Valladolid, permanece retida por dous cóengos da catedral na mindoniense ponte do Pasatempo. O seu fillo é tamén executado e as súas propiedades serán confiscadas.

Aínda que este feito nada ten que ver co desenvolvemento da literatura galega, moitos autores sitúan neste ano de 1483 o comezo da época escura. Segundo Anxo Tarrío Varela, é unha data simbólica, que «marca o inicio dunha paulatina desaparición da lingua galega como vehículo notarial, a favor da lingua de Castela». A lingua galega vai perdendo prestixio para os propios falantes, que a relegan ao ámbito familiar. Non é de estrañar, xa que logo, a escasa produción literaria nos séculos seguintes.



✠

MEMORIAL

AL REY N. SEÑOR;


EN QVE SE RECOPILA, ADICIONA, Y REPRESENTA quanto los Coronistas, y Autores han escrito, y consta por instrumentos, del origen, y antiguedad, descendencia, y sucesion, lustre, y servicios

DE LA CASA DE SAAVEDRA;

Y DE LA IDENTIDAD, Y PERMANENCIA DE SV PRIMITIVO Solar, y Estados en el Reyno de Galicia,

Y DE LA LINEA PRIMOGENITA, RECTA, Y TRONCAL DE VARON de sus Posseedores, Cabeças, y Parientes mayores, continuada desde los primeros siglos de su mas antigua fundacion, hasta el presente,

*POR Don Fernando de Saavedra Rivadeneyra y Aguiar Pardo de Figueroa, XXXIII. sucessor, y actual posseedor della, y de las Casas, y Solares de Aguiar, y de Lobera, de los Palacios, y Fortalezas, Lugares, y Cotos de Taboy, y sus jurisdiciones, Patrono perpetuo con las presentaciones, y partes sincura de los Diezmos de los Beneficios patrimoniales de sus Iglesias, y Feligresias. Y con el derecho que litiga de la inmediata sucession de los Mayorazgos, y Patronatos que vacaron por muerte de Don Diego Mexia Deseyxas Ossorio su suegro, en las Ciudades, y Villas de Xerez de los Cavalleros, y Antequera, Estepa, y Moron de la Frontera.*






Año de 1674.

Con licencia; En Granada, en la Imprenta Real de Francisco de Ochoa, en la calle de Abenamar.

Memorial da Casa de Saavedra (1674)

*A min chaman Todamira,*
*Señora do gran tesouro;*
*Por estrela crarecida*
*Xago neste Valadouro.*

*Máis tredor foi que un mour*
*O villán que me vendeu,*
*Que de Lugo a Ribadeo*
*Todos me tiñan temour.*

*De min a triste Frouseira,*
*Que por treiçón foi vendida,*
*Derribada na ribeira,*
*Ca xamais se veu vencida.*

*Por treiçón tamén vendido*
*Xesús noso Redentor,*
*E por aquestes tredores*
*Pedro Pardo, meu señor.*

*Vinte e dous foron chamados*
*os que vendido lo han,*
*Non por fame de sustén,*
*de carne, viño nen pan.*

*Nen por outro minister*
*Que falezcan e bondá,*
*Senón por sua vilaicia*
*E mais por máa intençán.*

*Eles quedan por tredores*
*E seu amo por leal,*
*Pois os Reis á sua filla*
*Suas terras mandan dar.*

*A Deus darán conta delo,*
*Que lles quera perdoar,*
*Co que acabou a Frouseira*
*E a vida do Mariscal.*

ANÓNIMO (FINALES DEL SIGLO XV)



Sobre este mesmo tema, a execución do lendario Mariscal Pardo de Cela, consérvase a única mostra literaria en prosa que chegou aos nosos días. É a *Relazón dá carta xecutoria*, datada a comezos do século XVI.



Castelo de Santo Antón na Coruña

Outro exemplo de poesía popular de circunstancias históricas é o poema anónimo Saqueo de Cangas polos turcos. O ataque a Cangas do Morrazo ao que alude é un dos moitos casos de pillaxe que sofren as costas galegas neste período. Na memoria aínda estaban as incursións de normandos, mouriscos e viquingos, cando os buques turcos e ingleses arrasan o litoral de Galicia. Os piratas ingleses, ademais, abordan aos barcos españois encargados do rico comercio marítimo colonial. O corsario inglés Francis Drake ataca en dúas ocasións a ría de

Vigo: en 1585 é rexeitado polas tropas ao mando do gobernador de Baiona, e en 1589 o seu saqueo e espolio danan a vila viguesa. Ese mesmo ano de 1589, Drake arremete tamén contra A Coruña, que, a pesar da heroica defensa dos seus habitantes, entre os que destaca María



O pirata Francis Drake atacou en diversas ocasións as costas galegas

Pita, gran parte da cidade é destruída. Como consecuencia, fortificaranse as costas galegas.

O poema en galego «Saqueo de Cangas polos turcos» é unha composición anónima de gran patetismo, do século XVII, é dicir, coetánea dos sucesos. Transmitiuse oralmente ata que, posteriormente, foi transcrita por un monxe de Celanova. Refírese ao feito histórico do fondeo dunha escuadra de piratas turcos na ría de Vigo, fronte a Cangas, o ano 1617, o seu ataque con canóns e o desembarco de 2.000 homes, que saquearon, incendiaron e orixinaron máis de 100 mortos e ao redor de 200 prisioneiros que os turcos levaron como escravos.

Unha lenda en torno a este episodio fala do valor dalgúns veciños, que esconderon a imaxe do Cristo para salvala da pillaxe dos invasores e atribúe a esa imaxe o milagre da volta á tranquilidade da vila, ao embarcar e partir as naves inimigas. A vila estaba aterrorizada. Conta a tradición que moitas mulleres, co pánico, tolearon, polo que foron tomadas por bruxas. E continúa dicindo que estas bruxas acudían logo á praia de Areas Gordas, esperando talvez a chegada de novo daqueles buques, ou quizais un encontro co diaño.

O poema, de doce estrofas de catro versos, foi publicado, por vez primeira, por Murguía en 1881. Reflicte a impresión e o pavor producido polo saqueo.

*Polo camiño ehi ven un home,*
*Aínda ven lonxe, lonxe, lonxe.*
*Eu non sei si anda ou si corre,*
*Porque ven lonxe, lonxe, lonxe.*
*Viñeron os mouros arrenegados*
*Alá de moi lonxe, lonxe, lonxe.*
*Todo arrasaron, e estaba il*
*Alá moi lonxe, lonxe, lonxe.*

*Aquelos homes eran us demus*
*Lá de moi lonxe, lonxe, lonxe.*
*Todo levaron e nós fuxemos*
*Alá para lonxe, lonxe, lonxe.*
*¡Quen fora galgo,*
*quen fora páxaro,*
*quen fora vento!*

Anónima (siglo XVII)



Detalle dun dos canóns que defendían a cidade da Coruña dende o Castelo de Santo Antón

Os ataques e pillaxes nas costas galegas son frecuentes, realizados por normandos, mouriscos turcos, ingleses..., e xeran literatura anónima de circunstancias, como ocorreu co ataque turco a Cangas.

## FORTIFICACIÓNS COMO MEDIO DE DEFENSA


As continuas intrusións inimigas de piratas e invasores viquingos, ingleses e franceses provocaron, durante os séculos XVI, XVII e XVIII, que Galicia fixese das fortificacións a súa principal baza de resistencia e defensa.

As fortalezas medievais teñen un sentido defensivo cara ao exterior, como no caso da raia de Portugal, unha liña fortificada dende as terras do Miño ata o castelo de Monterrei que servía para separar e vixiar as posibles incursións dende o país veciño, o Castelo de Santo Antón na Coruña, levantado para defender a cidade dos ataques por mar, ou o castelo de Soberano, en Camariñas. En ocasións, estas fortalezas tamén servían para refuxiarse das rebelións internas, como é o caso do castelo da Rocha Vella, unha fortificación impresionante, cuns tres quilómetros de muralla, situada aos arredores de Santiago de Compostela.

Aínda que boa parte do reino de Galicia se defendía dende atalaias ou torres moi numerosas, pero sinxelas, consérvanse hoxe en día numerosas fortificacións impoñentes nas catro provincias galegas.

Na Coruña, por exemplo, consérvase o xa citado Castelo de Santo Antón -hoxe convertido en Museo Arqueolóxico-, o Castelo de Santa Cruz, o Castelo da Palma en Mugardos, o Castelo de San Felipe en Ferrol, o do Cardeal en Corcubión ou as Torres de Mens en Malpica, entre moitas outras. Na provincia lucense levántase, por citar algún exemplo, o Castelo de San Damián en Ribadeo, a Torre do Castelo dos Andrade en Vilalba ou Castelo de Miraz en Friol ou o Castelo dos Novais en Quiroga. O Castelo de Vilamarín, en Ourense, e o de Monterreal, en Baiona, Pontevedra, tamén son fieis testemuñas do correr da historia galega.

Os remates ameados da catedral de Tui danlle aspecto de fortificación




C. d Ortegal
Ribadeo
Lugo
Compostella
Pontevedra
Tuy
Sarria
Tria Castella
Salvatierra



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA
DE GALICIA

